



**Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia**

Modelo MD81PLA22

Plan Xeral de Atención á Diversidade

Curso: 2025- 2026

EASD: Antonio Faílde. Ourense

Aprobado en sesión da Xunta da Escola en data: 29/10/2025



Índice

1	Introdución.....	3
2	Xustificación baseado no contexto.....	4
2.1	Características da Escola.....	4
2.2	Ensinanzas que imparte.....	4
2.3	Contexto sociocultural e económico.....	5
2.4	Características e tipoloxía do alumnado.....	6
3	Identificación e valoración das necesidades.....	6
4	Determinación dos obxectivos.....	7
5	Descrición das actuacións, as medidas e os programas para a atención á diversidade...8	
5.1	Medidas ordinarias.....	8
5.2	Medidas extraordinarias.....	10
5.3	Protocolos.....	13
6	Determinación dos criterios para a organización e a distribución dos recursos, e a aplicación das medidas propostas.....	14
6.1	Recursos humanos.....	14
6.2	Recursos materiais.....	14
6.3	Aplicación das medidas propostas.....	14
7	Concreción das actuacións de profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.....	15
7.1	Equipo directivo.....	15
7.1.1	Dirección.....	15
7.1.2	Xefatura de área de calidade e promoción das ensinanzas.....	15
7.1.3	Xefatura da área de formación.....	15
7.1.4	Xefatura de área de administración e xestión.....	16
7.2	Xunta da escola.....	16
7.3	Claustro do profesorado.....	17
7.4	Departamentos.....	17
7.5	Titoría da ensinanza.....	17
8	Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.....	18
8.1	Mecanismos de colaboración internos.....	18
8.2	Mecanismos de colaboración con outras etapas educativas.....	18
9	Canles de colaboración coas nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal do alumnado, e cos servizos externos ao centro.....	19
9.1	Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais.....	19
9.2	Colaboración con servizos externos ó centro.....	19
10	Protocolos para a solicitude e/ ou autorización das medidas extraordinarias.....	20
10.1	Protocolo de Urgencias Sanitarias.....	20
11	Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.....	20
12	Normativa de aplicación.....	21



1 Introducción

A actual Lei educativa “LOMLOE”, Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, cita no seu preámbulo: A adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que soamente de ese modo se garante o desenvolvemento de todos, se favorece a equidade e se contribúe a unha maior cohesión social. **A atención á diversidade e unha necesidade que abrangue a todas as etapas educativas** e a todos os alumnos. E dicir, trátase de contemplar a diversidade das alumnas e alumnos como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Asemade, no seu Artigo 1 b) cita como principio a equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas y sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade. Defínese no *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación* o concepto de **atención á diversidade** como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado, e ao abeiro do establecido no Artigo 10 do mesmo, redáctase o presente plan, que pretende dar resposta á totalidade do alumnado que cursa algunha das ensinanzas que oferta o centro educativo.

Conceptos

▪ Atención a diversidade

A atención á diversidade comprende o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe

▪ Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.



- **Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ ou cultural**

Por alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural enténdese aquel que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

- **Alumnado con altas capacidades intelectuais**

O alumnado con alta capacidade intelectual caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgúns áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia e, considerando as súas posibles manifestacións, diferénciase a precocidade, o talento e a superdotación.

2 Xustificación baseado no contexto

2.1 Características da Escola

A Escola de Arte e Superior de Deseño (EASD) Antonio Failde de Ourense é unha das catro Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia e conta con máis de 30 anos de traxectoria. Aínda que é herdeira daquela primeira Escola de Artes e Oficios de 1891, nace no contexto do estado autonómico como escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos en 1986.

A partir de 2005 coa implementación dos Estudos Superiores de Deseño, adquire a súa actual denominación. Despois de varias localizacións na cidade, desde 1999 está situada nun moderno e funcional edificio no barrio da Cuña no recinto do complexo educativo que aloxa tamén a Universidade Laboral, o CEFOR e o Centro Residencial Docente Coa publicación do *DECRETO 207/2005, do 14 de xullo, polo que se transforman as escolas de arte Pablo Picasso da Coruña, Mestre Mateo de Santiago de Compostela, Ramón Falcón de Lugo e Antonio Failde de Ourense en escolas de arte e superiores de deseño*, a nosa Escola, xunto coas restantes da Comunidade Autónoma, constitúese funcionalmente coa estrutura coa que conta na actualidade.

2.2 Ensinanzas que imparte

Antes de enumerar os distintos tipos de ensinanzas que se imparten na Escola, cómpre sinalar o establecido no Artigo 45 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, co fin de enmarcar o ámbito e fins das mesmas: "As ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade y garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, a danza, a arte dramática, as artes plásticas e o deseño".



Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño:

- Ciclo formativo de grao superior de fotografía
 - Normativa de currículo: *Decreto 92/2015, do 11 de xuño.*
- Ciclo formativo de grao superior de ilustración
 - Normativa de currículo: *Decreto 95/2015, do 11 de xuño*
- Ciclo formativo de grao superior de ebanistería artística
 - Normativa de currículo: *Decreto 103/2017, do 7 de setembro*

Ensinanzas superiores de Deseño

- Deseño de interiores
 - Normativa de currículo: *Decreto 172/2015, do 29 de outubro*
- Deseño gráfico
 - Normativa de currículo: *Decreto 172/2015, do 29 de outubro*

2.3 Contexto sociocultural e económico

A escola sitúase en Ourense, cidade de 105.893 habitantes, que a converte na terceira cidade galega por poboación. A principal actividade económica en Ourense corresponde ao sector servizos e ocio. A actividade comercial é a mais relevante e existe un emerxente sector turístico vinculado ao termalismo. O sector industrial está tamén moi presente nos polígonos dos concellos limítrofes e o sector da construción ten aínda unha forte presenza.

A oferta formativa da escola prové profesionais da Fotografía, o Deseño Gráfico e a Ilustración para resolver os problemas de comunicación visual do comercio local, a industria da moda (Adolfo Domínguez, Roberto Verino, Textil Lonia, etc...), a industria vitivinícola, as administracións local e provincial, industrias de artes gráficas, medios de comunicación impresos e televisión. Por outra parte as ensinanzas de Deseño de Interiores e Ebanistería Artística están dando resposta á necesidades da industria auxiliar da construción, deseño do moble, empresas de reformas, estudos de arquitectura, etc.

Porén, un dos puntos fortes da escola é dar servizo á área económica costeira do sur de Galicia, área metropolitana de Vigo pero tamén Pontevedra, Vilagarcía as áreas do Salnés e o Morrazo. É a zona máis poboada de Galicia con un sector industrial, turístico e de servizos de primeira orde. Moito do noso alumnado provén desa área, na que realiza as prácticas en empresas e, posteriormente, a súa actividade laboral.

2.4 Características e tipoloxía do alumnado

Dadas as características das ensinanzas artísticas ofertadas na escola, de carácter non obrigatorio, o alumnado que accede á mesma, con carácter xeral, conta cunha formación previa relativamente sólida e un alto grao de interese e motivación, polo que a convivencia e clima do centro son moi bos.

Agás nalgúns casos, o alumnado é maior de idade, o que supón en certa medida unha vantaxe importante tendo en conta a súa madurez. Resulta preciso salientar que existe igualmente un perfil de alumnado de maior idade que, dadas as súas circunstancias persoais, laborais e familiares, en ocasións presenta dificultades para asistir con regularidade ás clases, poñendo en marcha dende o centro todos os mecanismos posibles para facilitar a asistencia e seguimento dos mesmos. A procedencia do alumnado da escola é maioritariamente da provincia de Ourense, pero tamén de Vigo e área metropolitana, así como algún alumnado da provincia de A Coruña e da Comunidade de Castela e León, concretamente das provincias próximas como Zamora ou León.

A idade do alumnado, abarca, dende os 17 anos, para aquelas alumnas e alumnos que chegan á maioría de idade, no primer curso, entre setembro e Nadal, ata de persoas que se incorporan a estas ensinanzas cunha idade máis avanzada como consecuencia de múltiples factores: complemento aos estudos realizados con anterioridade, segunda carreira allea aos estudos desta escola, vocación tardía, (quizais por unha inadecuada orientación académica previa) ou por retomar os estudos, despois de se ter incorporado ao mercado laboral, pola eventual falta de traballo debido á crise do 2009 ou a pasada pandemia covid-19.... Tampouco é infrecuente o alumnado que na actualidade compatibilizan os estudos na escola cun traballo.

3 Identificación e valoración das necesidades

Tendo en conta o establecido no *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro* e na *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, tomando como **principio a prevención**, a Escola porá en práctica accións e medidas que teñan unha finalidade preventiva. Entre esas medidas debe considerarse a identificación temperá das necesidades educativas da totalidade do alumnado, coa correspondente valoración, acreditación e resposta educativa.

A **identificación e a valoración das necesidades educativas do alumnado** levaranse a cabo o antes posible e a resposta educativa que proceda iniciárase desde o momento en que as ditas necesidades sexan detectadas. A detección das necesidades educativas do alumnado e a correspondente intervención realizaranse desde un enfoque multidisciplinar e interinstitucional. Nesa detección e intervención colaborarán, segundo corresponda: o profesorado titor; os equipos docentes; os servizos de orientación; os equipos directivos; as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado, de ser o caso; os servizos sanitarios; os servizos sociais e todas as persoas ou institucións que teñan esas actuacións entre as súas funcións.



Proba de acceso e matrícula

No proceso de acceso e admisión para Ensinanzas Profesionais de Artes Plásticas e Deseño do presente curso académico 2025-2026 consta o acceso pola quenda de discapacidade de unha persoa, a quen solicitou medidas de adaptación. Das ensinanzas Superiores de deseño non consta ningún acceso por esta quenda. Nas xornadas de acollemento, tanto nos relatorios do persoal do equipo directivo como das titorías de grupo, lémbbraselle ao alumnado con necesidades específicas de formación que tramiten a solicitude de medidas de atención á diversidade mediante formulario descargable na sección secretaría virtual da páxina web ou na secretaría física e adxunten a documentación xustificativa pertinente. No presente curso académico tramitáronse e resolvéronse 5 solicitudes de atención á diversidade en EEAAPeD e outras 5 en EESS de Deseño.

Avaliación inicial

A avaliación inicial constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entendendo este como os/as que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas

altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe, polo que a totalidade dos docentes colaborarán na realización da mesma, establecendo canles de comunicación cós titores/as, quen serán os encargados/as de coordinar unha resposta educativa adecuada á totalidade do alumnado.

4 Determinación dos obxectivos

Tendo en conta as características da Escola, as ensinanzas que imparte, as características socio-culturais e económicas da localidade así coma a tipoloxía de alumnado e a normativa de aplicación, pódense establecer os seguintes obxectivos:

- Establecer un marco común de actuacións na Escola que garanta un ensino de calidade con equidade así coma unha atención á diversidade efectiva, adecuando a resposta educativa da totalidade do persoal docente ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.
- Adaptar as programacións didácticas ao contexto educativo así coma á tipoloxía de alumnado da Escola, tendo necesariamente que ser o suficientemente flexibles para adaptarse aos distintos ritmos de aprendizaxe e motivacións de cada un/unha deles/as.

- Promover e potenciar canles de comunicación efectivas entre todos os membros da comunidade educativa, tomando especial relevancia a labor dos titores, así coma dos equipos docentes, órganos colexiados e de coordinación docente na detección de necesidades do alumnado así coma no seguimento das medidas e actuacións levadas a cabo.
- Levar a cabo medidas organizativas tanto dos recursos humanos coma materiais que permitan a atención de todo o alumnado da Escola en igualdade de condicións.
- Potenciar a realización dunha avaliación inicial de calidade que permita detectar as necesidades de xeito temperá para ser capaces de adoptar as medidas de atención á diversidade necesarias para acadar o éxito educativo de todo o alumnado.
- Realizar un seguimento periódico das actuacións levadas a cabo co fin de establecer propostas de mellora que contribúan á mellora constante do proceso educativo.

5 Descrición das actuación, as medidas e os programas para a atención á diversidade

Hai que suñar que nas EASD non existe departamento de orientación e psicopedagogía, nin persoal especialista a tal efecto. Desde a rede de EASD levamos xa cinco cursos académicos solicitando formalmente a provisión de tal figura profesional sen ter obtido ata o de agora resposta da Consellería. Os casos soluciónanse aplicando os protocolos existentes e/ou derivando as solicitudes de necesidades formativas especiais ao Equipo de Orientación Específico de Ourense vía Inspección Educativa.

5.1 Medidas ordinarias

En consonancia có establecido no Artigo 8 do *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro e na ORDE do 8 de setembro de 2021*, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanza.

Serán de aplicación nas ensinanzas impartidas na Escola as que seguen:



- **Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado:**

Na organización e na xestión das aulas procurarase a participación de todo o alumnado, o acceso aos recursos, a flexibilidade nos agrupamentos e todo o que favoreza a interacción, a convivencia e a aprendizaxe compartida.

- **Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias da súa contorna:**

O profesorado desenvolverá as programacións didácticas considerando as culturas da inclusión, da diversidade, da coordinación, da participación, da colaboración, da tecnoloxía, da innovación, da avaliación, da recuperación e da relación co contorno e coas diferentes institucións, así coma o nivel de competencia curricular de cada alumna e/ou alumno e as axudas que precise, e tendo en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe, facilitando espazos de participación para todas as alumnas e todos os alumnos.

- **Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos:**

O profesorado empregará as alternativas metodolóxicas que mellor se adapten á construción que cada alumna e cada alumno debe facer da súa propia aprendizaxe, segundo as disciplinas, as materias e/ou os módulos, os espazos e os tempos.

- **Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación:**

O profesorado adaptará os tempos, os instrumentos e os procedementos de avaliación da disciplina, da materia ou do módulo que imparta ás circunstancias do alumnado. Esta adaptación terá unha consideración especial no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Na adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación poderanse considerar a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario. Igualmente, o profesorado informará cada alumna e alumno sobre o seu desempeño nas tarefas de avaliación, para aproveitar o potencial de aprendizaxe que ten comparado o producido polo alumnado co agardado ou demandado polo profesorado.

- **Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria:**

O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto ordinario e polo profesorado que imparta a disciplina, a materia ou o módulo. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a disciplina, a materia ou o módulo pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

- **Programas de enriquecemento curricular:**

Son programas de tratamento personalizado destinados ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquiredanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifeste o dito alumnado, e manter o seu nivel de motivación.

- **Disciplinas optativas nas Ensinanzas Superiores de Deseño:**

Cabe considerar como medida de atención á diversidade ordinaria a oferta destas disciplinas tendo en conta o Artigo 17 da *ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño*, que cita expresamente que as disciplinas de carácter optativo serán ofertadas polos centros, atendendo aos requirimentos de formación específica do alumnado en relación coas necesidades detectadas no mercado laboral da especialidade correspondente, ás necesidades de actualización derivadas da evolución das tecnoloxías da información e a comunicación, ás necesidades impostas pola evolución da normativa relacionada coa profesión correspondente, ou as necesidades relacionadas coa incorporación de novas técnicas ou procedementos na materia propia da especialidade.

Ademais das disciplinas optativas indicadas no punto anterior, os centros poderá solicitar á dirección xeral competente en materia de ensinanzas artísticas superiores a correspondente autorización para incluír novas disciplinas optativas achegando xunto coa solicitude unha memoria xustificativa da necesidade da súa incorporación, a correspondente guía docente e a programación da disciplina.

5.2 Medidas extraordinarias

Tendo en conta que as medidas extraordinarias de atención á diversidade establecidas no DECRETO 229/2011, do 7 de decembro e a e na ORDE do 8 de setembro de 2021 citados non resultan de aplicación nas ensinanzas impartidas na Escola, poderíamos considerar dentro deste apartado as establecidas na normativa de aplicación de cada unha das ensinanzas impartidas na escola, sendo expostas a continuación:

Ensinanzas superiores de Deseño:

- Acceso para os/as aspirantes con discapacidade: De acordo co establecido na disposición adicional primeira do *Decreto 172/2015, do 29 de outubro*, os/as aspirantes ao acceso de admisión ás ensinanzas superiores de Deseño que presenten algunha discapacidade poderán requirir a adaptación que corresponda para a realización das probas de acceso ás ditas ensinanzas. Para tal efecto, os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán presentar, xunto coa súa inscrición no procedemento de acceso e admisión ás ensinanzas superiores de Deseño, a documentación que



acredite oficialmente a súa discapacidade e unha solicitude de adaptación dos medios e condicións de realización da proba de acceso que corresponda. Correspóndelle ao tribunal encargado da organización, realización e cualificación de cada proba adoptar as medidas precisas e adaptar os medios e as condicións de realización da proba, co obxecto de permitir que os/as aspirantes con discapacidade poidan realizar a proba correspondente en condicións de igualdade co resto de aspirantes.

- Acceso para deportistas de alto rendemento e/ou nivel: De acordo co establecido nos artigos 34 e 36.d) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, en cada centro da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparta algunha das especialidades das ensinanzas superiores de Deseño, reservaranse adicionalmente as prazas necesarias en cada especialidade impartida para o acceso a estas dos/das aspirantes coa condición de deportista galego de alto nivel e/ou rendemento, e que reúna os requisitos académicos establecidos.
- Prioridade nas prácticas externas (PE): outorgarase prioridade na elección e asignación de empresas e/ou entidades ao alumnado con discapacidade, co obxecto de que poidan optar a empresas ou institucións en que estean aseguradas todas as medidas de accesibilidade universal, incluídas as referidas ao transporte para o seu traslado e o acceso a estas.
- Matrícula excepcional no primeiro curso: A matrícula no primeiro curso das ensinanzas superiores de Deseño será de curso completo. Excepcionalmente, a dirección do centro poderá autorizar a matrícula para o primeiro curso dun mínimo de trinta créditos ECTS, sempre por causas xustificadas como compatibilidade laboral, enfermidade grave, conciliación familiar ou outras análogas (Artigo 10 da *ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño*)
- Matrícula excepcional nas prácticas externas (PE): Excepcionalmente, o/a xefe/a de estudos do centro poderá autorizar a realización das PE ao alumnado con disciplinas pendentes, sempre que a suma dos créditos asociados a estas non sexa superior a 18 (Artigo 10 da *ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño*).
- Matrícula excepcional no traballo fin de estudos (TFE): Excepcionalmente, o/a xefe/a de estudos do centro poderá autorizar a matrícula no traballo fin de estudos (TFE) ao alumnado con disciplinas pendentes, agás que as disciplinas pendentes pertencen á materia de Proxectos..., e sempre que a suma dos créditos asociados a estas non sexa superior a 18 (Artigo 10 da *ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño*).
- Convocatoria adicional extraordinaria: O alumnado que esgotase as convocatorias establecidas (catro agás nas disciplinas de prácticas externas (PE) e no traballo fin de estudos (TFE), nas cales soamente disporá de dúas), sen superar a disciplina correspondente, poderá solicitar por escrito,



ante a dirección do centro no que estea matriculado, unha convocatoria adicional, de carácter extraordinario, por circunstancias especiais que deberá alegar e xustificar documentalmente, sen que se poida alegar como circunstancia especial a falta de rendemento académico (Artigo 12 da *ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño*).

- Anulación de convocatoria: O alumnado poderá solicitar a anulación dunha convocatoria nunha ou varias disciplinas por causa xustificada e acreditada documentalmente, mediante escrito dirixido á dirección do centro, ata dez días lectivos antes da sesión de avaliación correspondente á convocatoria, sen que entre as ditas causas poida figurar a falta de rendemento académico. A dirección do centro, logo do informe da xefatura de estudos, resolverá o que proceda, nos cinco días lectivos seguintes ao da presentación da solicitude. A presentación dunha solicitude de anulación de convocatoria fóra do prazo establecido no número anterior só poderá ser admitida por causa de accidente ou enfermidade do/da solicitante, ou causa de forza maior, que será, en calquera caso, xustificada documentalmente, e valorada pola dirección do centro (Artigo 12 da *ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño*).

A solicitude e obtención dunha convocatoria adicional ou dunha anulación de convocatoria por parte do alumnado non afectará o dereito de asistencia ás actividades lectivas periódicas programadas na disciplina correspondente.

Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño:

- Regulamentación e validez das probas de acceso: A estrutura, os contidos, os criterios de avaliación e a organización das probas de acceso serán determinados pola consellería competente en materia de educación, facilitando o acceso ao alumnado con discapacidade que o requira (Artigo 15 do DECRETO 92/2015, do 11 de xuño).
- Convocatoria extraordinaria: O alumnado que esgotase as catro convocatorias previstas (dúas para o módulo de Formación práctica en empresa, estudio ou taller) poderá solicitar unha convocatoria extraordinaria, por motivos de doenza, discapacidade ou outros que condicionen ou impidan o desenvolvemento ordinario dos estudos, perante a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais (Artigo 2 da *ORDE do 1 de decembro de 2008 pola que se regula a organización, a avaliación e a acreditación académica das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia*).
- Actividades de recuperación: No suposto de que se promocióne con módulos pendentes, o alumnado deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización. Así mesmo o alumnado de segundo curso que non poida acceder á



FPEET no período ordinario por ter módulos pendentes de primeiro ou segundo curso poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente (coa especial colaboración do docente encargado da titoría) asignarlle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados. O informe de avaliación individualizado conterá a información suficiente sobre as capacidades non alcanzadas polos alumnos ou alumnas, co fin de que sexa tida en conta na súa posterior aprendizaxe (*ORDE do 1 de decembro de 2008 pola que se regula a organización, a avaliación e a acreditación académica das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia*).

- Mobilidade do alumnado e adaptación dos módulos superados: Cando un/unha alumno/a obteña praza nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia co fin de continuar os seus estudos no ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía regulado neste decreto, e iniciados nun centro dependente doutra Administración educativa, o centro de destino solicitará ao centro de orixe o expediente académico do/da alumno/a. Unha vez recibido o expediente, a Administración educativa receptora procederá á correspondente adaptación dos módulos superados, co fin de que o/a alumno/a se incorpore aos módulos e ao curso que lle corresponda. Para estes efectos, os módulos superados na súa totalidade e que segundo o criterio da dita Administración educativa sexan similares en contidos e carga lectiva aos establecidos neste decreto serán recoñecidos de xeito automático como adaptados e, para outros casos, poderase prever a superación dos complementos de formación que se consideren convenientes (Artigo 22 do DECRETO 131/2013, de 18 de julio e *DECRETO 92/2015, do 11 de xuño, polo que se establece o currículo dos ciclos formativos de grao superior correspondentes ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía e Cerámica Artística* respectivamente)

5.3 Protocolos

Cómpre ter en conta a posible aplicación dos protocolos publicados pola Consellería de Educación, resultando unha ferramenta de vital importancia na atención á diversidade, polo que se xuntan as ligazóns nas que se pode acceder a información:

educonvives.gal

<https://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764>



6 Determinación dos criterios para a organización e a distribución dos recursos, e a aplicación das medidas propostas

Tendo en conta que presente plan se elabora con carácter estratéxico e a medio-longo prazo, sendo desenvolvido a través da súa concreción anual que formará parte do Plan Anual de cada curso académico, establécense os criterios xerais en torno aos recursos humanos, recursos materiais e aplicación das medidas propostas.

6.1 Recursos humanos

Logo de finalizar cada curso académico e, en función da oferta formativa así coma a previsión de matrícula definitiva de alumnado que cursará estudos na Escola, realizarase un estudio detallado das especialidades e número de docentes de cada unha delas.

A proposta de perfís profesionais será elaborada polo equipo directivo e trasladada ao Servizo de Inspección Educativa, que se encargará de supervisala e asesorará ao equipo para a proposta definitiva do cadro de persoal necesario, que será finalmente cargada pola dirección do centro.

Hai que suliñar que nas EASD non existe a figura de persoal de orientación e psicopedagogía, nin o departamento a tal efecto. Desde a rede de EASD levamos xa cinco cursos académicos solicitando formalmente a provisión de tal profesional sen ter obtido ata o de agora resposta da Consellería. Os casos soluciónanse aplicando os protocolos existentes e/ou derivando as solicitudes de necesidades formativas especiais ao Equipo de Orientación Específico de Ourense vía Inspección Educativa.

6.2 Recursos materiais

A Escola conta cos recursos materiais necesarios para a impartir docencia ao alumnado en todas as especialidades, asema de tendo en conta a dotación orzamentaria da Consellería de Educación, cada ano serán establecidos os criterios para a distribución do presuposto tanto para compras de novo material inventariable e funxible como para a reparación do existente. En caso de ser precisa a dotación específica de material para alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, poderá ser solicitado á Consellería logo dos pertinentes informes e valoración da súa necesidade tendo en conta o establecido no *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro* e na *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro*.

6.3 Aplicación das medidas propostas

Tendo en conta o enfoque multidisciplinar e interinstitucional, na aplicación das medidas propostas deberán colaborar a totalidade dos sectores que forman parte da comunidade educativa, así como institucións externas, que deberán traballar conxuntamente co centro.



7 Concreción das actuacións de profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro

Establécese neste apartado do plan a distribución xeral de actuacións de cada un dos profesionais e órganos que levarán a cabo as medidas deseñadas para o centro, sendo principalmente os órganos de goberno, tanto unipersoais como colexiados así coma os distintos órganos de coordinación docente, tendo en conta o establecido no *DECRETO 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia*.

7.1 Equipo directivo

Os órganos unipersoais de goberno son o/a Director/a, Vicedirector/a, Xefe/a de Estudos e Secretario/a; constitúen o equipo directivo, que traballará de xeito coordinado para lograr os fins e as funcións da escola.

7.1.1 Dirección

O/A director/a, tendo en conta que o presente plan forma parte do Proxecto Funcional da Escola e a súa concreción anual do Plan anual da mesma, terá as seguintes competencias:

- Será o encargado de dirixir e coordinar o proxecto funcional, o plan anual do centro, avaliar os seus graos de cumprimento, dirixir e coordinar a memoria anual da escola e promover plans de mellora e calidade.
- Dirixir e coordinar as actividades do centro de cara á consecución e ao desenvolvemento do proxecto funcional e do plan anual.

7.1.2 Xefatura de área de calidade e promoción das ensinanzas

A xefatura desta área, que será exercida pola persoa responsable da vicedirección, terá as seguintes competencias:

- Coordinar e velar pola execución das actividades de orientación do profesorado e do alumnado, en relación co plan anual e por ende, das actuacións en materia de atención á diversidade establecidas no presente plan e na súa concreción anual.
- Orientar a acción dos titores e das titoras, tendo estes un papel especialmente relevante no seguimento e coordinación de actuacións en materia de atención á diversidade.

7.1.3 Xefatura da área de formación

A xefatura desta área, que será exercida pola persoa responsable da xefatura de estudos, terá as seguintes competencias:



- Responsabilizarse da dirección do centro en caso de ausencia das persoas que exerzan a dirección e a vicedirección do centro.
- Planificar todas as ensinanzas que se impartan no centro, actualizando a distribución de espazos, polo que terá un papel importante na aplicación das medidas ordinarias establecidas no apartado 5.1 do presente plan.
- Coordinar a acción dos titores e das titoras, colaborando coa área de calidade e promoción das ensinanzas, tendo en conta establecido no punto anterior. promoción das ensinanzas, tendo en conta establecido no punto anterior.
- Coordinar a actividade docente do centro, con especial atención aos procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e apoio.

7.1.4 Xefatura de área de administración e xestión

A xefatura desta área, que será exercida pola persoa responsable da secretaría, terá as seguintes competencias:

- Arquivar, divulgar e darlle a coñecer á comunidade do centro a normativa que lle afecte.
- Custodiar os libros e os arquivos da escola, entre os que se atopa a documentación e expedientes do alumnado, garantindo en todo momento a confidencialidade.
- Custodiar e dispor a utilización dos materiais didácticos, da moblaxe e de calquera outro material catalogado como inventariable, así coma asignar os recursos necesarios para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que o requira e, de ser o caso, solicitar á Consellería de Educación a dotación dos mesmos.

7.2 Xunta da escola

A xunta de escola é o órgano de participación da comunidade educativa nas escolas de arte e superiores de deseño, e terá as seguintes competencias:

- Formular propostas ao equipo directivo para a elaboración do proxecto funcional e o plan anual do centro.
- Aprobar o Plan Xeral de Atención á Diversidade, logo de proposta do Clasutro de Profesorado.
- Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral da escola, especialmente, a evolución do rendemento académico do alumnado, prestando especial atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.



7.3 Claustro do profesorado

O claustro de profesorado é o órgano de participación do profesorado no goberno da escola e ten as seguintes competencias:

- Formularlle ao equipo directivo e á xunta de escola propostas para a elaboración do proxecto funcional e, polo tanto, do Plan Xeral de Atención á Diversidade, así coma da concreción anual do mesmo que se incluírá no plan anual.
- Valorar a evolución e rendemento académico do alumnado, especialmente aquel que presente necesidade específica de apoio educativo.

7.4 Departamentos

Establécense nesta apartado as competencias xerais dos departamentos, entendendo que non resulta preciso establecelas dun xeito pormenorizado desagregadas por tipoloxía, sendo as que seguen:

- Redactar e presentar as programacións, adaptando as mesmas ao contexto socioeconómico, cultural e tipoloxía de alumnado da Escola.
- Redactar e presentar a memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación e os resultados obtidos en materia de atención á diversidade.
- Facilitar a colaboración entre o departamento e os titores e as titoras do centro.
- Os departamentos reuniranse, con carácter xeral, unha vez por semana. Unha vez ao mes a reunión dedicarase a facer o seguimento da programación didáctica, valorando a evolución académica da totalidade do alumnado, tendo en especial consideración o que presente necesidades específicas de apoio educativo.
- Organizar e realizar as probas necesarias para o alumnado con materias ou módulos pendentes, así como os procedementos de recuperación.

7.5 Tutoría da ensinanza

Son competencias das tutorías de ensinanza as que seguen:

- Tutorar o alumnado do curso que teña asignado da ensinanza, tendo especial consideración co alumnado que presente algún tipo de dificultade.
- Exercer, de acordo coa programación, a coordinación entre os membros do equipo docente, realizando un seguimento das actuacións realizadas polos mesmos en materia de atención á diversidade.



8 Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición

8.1 Mecanismos de colaboración internos

Tendo en conta o establecido no DECRETO 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia, os distintos órganos de goberno, tanto unipersoais como colexiados, así coma as xefaturas e coordinacións correspondentes, realizarán as súas funcións de xeito coordinado, reuníndose coa seguinte periodicidade:

- Trimestralmente, polo menos, a dirección convocará unha reunión coas xefaturas das áreas de funcionamento.
- Cada xefatura de área de funcionamento convocará formalmente e presidirá unha reunión mensual, como mínimo, coas xefaturas de departamento e responsables dos órganos de coordinación correspondentes.
- A xunta de escola reunirse con carácter ordinario polo menos tres veces ao ano.
- O claustro de profesorado reunirse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e, en todo caso, ao inicio e ao remate de cada curso.
- Os departamentos reuniranse, con carácter xeral, unha vez por semana. Unha vez ao mes a reunión dedicarase a facer o seguimento da programación didáctica.
- Os equipos docentes reunirse unha vez ao mes, segundo o calendario publicado pola xefatura da área de formación, para realizar o seguimento da programación.

8.2 Mecanismos de colaboración con outras etapas educativas

Anualmente a Escola realiza actividades de promoción das Ensinanzas Artísticas tanto profesionais como superiores, colaborando cós centros educativos da contorna, realizando tanto visitas a Institutos de Educación Secundaria, polo que existe un contacto estreito cós mesmos, especialmente cós Departamentos de Orientación, sendo estes os encargados de trasladar toda a información ao alumnado.

Cómpre salientar igualmente neste apartado a realización de visitas guiadas á Escola de alumnado que estar a cursar ensinanzas de réxime xeral nas que poden observar de primeira man o traballo que se realiza nos distintos talleres e instalacións do centro, no que colabora a gran maioría do persoal docente, resultando unha experiencia moi positiva.



Non existen no caso que nos ocupa centros adscritos ou de adscrición, polo cal non resulta posible establecer mecanismos de colaboración.

9 Canles de colaboración coas nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal do alumnado, e cos servizos externos ao centro

9.1 Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais

Tal como se reflectiu con anterioridade, agás algúns casos de alumnado que cumpre a maioría de idade no último trimestre do ano, a gran maioría do alumnado da Escola é maior de idade, asemade, naqueles casos de alumnado menor de idade a canle principal de comunicación coas familias será a telefónica, poñendo así mesmo a disposición das mesmas as aplicacións informáticas de uso habitual na escola.

Igualmente as canles de comunicación co alumnado maior de idade serán principalmente as aplicacións informáticas establecidas no centro, permitindo estas unha colaboración estreita no proceso educativo, proxectos e actividades complementarias á formación.

Cómpre sinalar que as Ensinanzas Artísticas se desenvolven polo xeral en grupos reducidos, o que contribúe en gran medida a unha individualización das explicacións e seguimento do traballo realizado polo alumnado.

9.2 Colaboración con servizos externos ó centro

En relación á posible colaboración con servizos externos ao centro en materia de atención á diversidade, para aqueles casos ou circunstancias de alumnado que requira unha atención especializada ou pautas de actuación debido a algún tipo de necesidade específica de apoio educativo poderá solicitarse a intervención do Equipo de Orientación Específico da provincia, podendo acceder á información precisa nas seguintes ligazóns:

Información xeral:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/4456>

Solicitud de intervención:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2024/04/25/dce53494f6622dcaea28e6c8bac0de08.pdf



10 Protocolos para a solicitude e/ ou autorización das medidas extraordinarias

En relación ás medidas extraordinarias citadas no apartado 5.2 do presente plan, o centro educativo porá a disposición do alumnado na secretaría da Escola os impresos normalizados para a solicitude das mesmas, sendo informado o mesmo de tal circunstancia tanto nas xornadas de acollemento coma coa información por parte de cada un dos docentes coma dos titores/as.

10.1 Protocolo de Urxencias Sanitarias

As actuacións en urxencias sanitarias e a atención nos procesos e condicións de saúde que afectan ao alumnado por un tempo prolongado ou ao longo de toda a súa vida, son claves na construción dun clima escolar pacífico, positivo e respectuoso coa diversidade. No marco da Estratexia Galega para a Convivencia Escolar, ponse a disposición da comunidade educativa galega un Protocolo básico que será paulatinamente complementado por diferentes Addendas.

[Protocolo de Urxencias Sanitarias e enfermidade crónica \(pdf\)](#)

[Addenda de diabetese \(pdf\)](#)

[Addenda de enfermidade inflamatoria intestinal \(pdf\)](#)

11 Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan

Tendo en conta o establecido no apartado 8 do presente plan, no que se recollen os mecanismos de coordinación e colaboración interna para levar a cabo as actuacións establecidas no mesmo, realizarase un seguimento periódico por parte de cada un dos órganos referidos, elaborando a finais de curso as correspondentes memorias das distintas áreas e departamentos que se xuntarán á memoria final da Escola.

Nesta memoria final, que será aprobada pola Xunta da Escola, estableceranse propostas de mellora en materia de atención á diversidade, que se deberán reflectir e levar a cabo no Plan Anual do seguinte curso académico, establecendo actuacións para as mesmas, de ser o caso.

[Concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade](#)

Obxectivos e liñas de actuacións de:

- Plan Anual da EASD
- Programacións de Área Funcional
- Programacións de Departamentos



- Programacións didácticas de módulos/disciplinas

Seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade

- Reunións do equipo directivo e memoria anuais da EASD
- Reunións e memoriais anuais das áreas funcionais
- Reunións e memoriais anuais dos departamentos
- Reunións dos equipos docentes e memoriais anuais de módulos/disciplinas

12 Normativa de aplicación

- *Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (LOMLOE) que se ha publicado en el BOE de 30 de diciembre de 2020.*

<https://educagob.educacionyfp.gob.es/lomloe/ley.html>

- *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

- https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20111221/AnuncioC3F1-151211-9847_gl.pdf

- *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0598-211021-0005_gl.pdf

- *DECRETO 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.*

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110406/AnuncioDE02_gl.html

- *ORDE do 1 de decembro de 2008 pola que se regula a organización, a avaliación e a acreditación académica das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.*

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2008/20081209/Anuncio4FC36_gl.html

- *DECRETO 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.*



https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151123/AnuncioG0164-061115-0002_gl.html

- *ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.*

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20161201_ordenacion_superiores_deseno_1.pdf